



II CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL “NADAL DUBRA”

BASES DO CONCURSO

1.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Co obxecto de fomentar a expresión artística, a creatividade e os valores culturais e tradicionais, así como promover a participación cidadá nas actividades municipais, o Concello de Val do Dubra, organiza o II CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL “NADAL DUBRA”.

A postal gañadora do Concurso será a utilizada polo Concello de Val do Dubra como felicitación institucional no Nadal do ano 2020.

2.- BASES.

2.1.- BASE PRIMEIRA: OBXECTO DO CONCURSO.

O Concurso ten por obxecto a elección da postal de Nadal que será coa que o Concello de Val do Dubra felicitará o Nadal do ano 2020.

O resto das postais presentadas a concurso exporanse durante o Nadal 2020 na Casa da Cultura de Val do Dubra.

2.2.- BASA SEGUNDA: TEMA.

O debuxo deberá ter en conta a temática do Nadal en Val do Dubra, baixo o lema “NADAL DUBRA”.

As obras presentadas ao concurso deberán ser orixinais ou inéditas, non habendo sido presentadas a ningún outro.

Á postal que resulte gañadora engadiráselle o Escudo do Concello, así como o texto institucional de felicitación a hora de levar a cabo a impresión da mesma.

Os autores serán responsables ante o Concello e fronte a terceiros, do cumprimento do establecido nestas bases.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Non se aceptarán postais con contidos contrarios o dereito a honra, a intimidade persoal ou familiar ou a propia imaxe das persoas, nin en xeral, con contidos que sexan contrarios á legalidade vixente.

2.3.- BASE TERCEIRA: PARTICIPANTES.

Poderán participar todos aqueles nenos e nenas matriculados nos colexios do Concello de Val do Dubra, e que se atopen cursando estudos de infantil e/ou primaria.

2.4.- BASE CUARTA: CONDICIÓNS TÉCNICAS.

A medida das postais presentadas a concurso deberán ser de 10,5 x 14,8 cm (Din A6).

O soporte material será folio ou cartolina fina de cor branca.

Os orixinais faranse con calquera técnica de pintura, a excepción das mencionadas a continuación debido a posibles problemas de impresión que se puideran xerar.

Non se admitirán a concurso obras con tintas de cor ouro, prata e/ou fluorescente, as feitas en técnica pastel, nin as feitas como manualidades (papel celofán, papel cebola, purpurina, etc).

2.5.- BASE QUINTA: PRESENTACIÓN DAS OBRAS.

A documentación a presentar será a seguinte:

1. Solicitude de participación.
2. O traballo orixinal, que se entregará sen datos persoais do participante como poden ser o nome ou a sinatura do mesmo (mantendo así o anonimato da obra e evitando o recoñecemento do mesmo polo persoal que conforme o xurado).

Cada participante deberá introducir a solicitude de participación e o traballo orixinal dentro dun sobre pechado, no que figurará o nome do participante e o concurso ao que se presenta (II CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL “NADAL DUBRA”).

Só poderá presentarse unha obra por participante.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

O concello terá un coidado rigoroso na manipulación das obras recibidas pero, declina calquera responsabilidade pola perda, rotura e/ou danos sufridos nas mesmas, con motivo do envío ou durante o Concurso.

2.6.- BASE SEXTA: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O sobre coa documentación requirida no apartado anterior presentaranse no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo establecido, onde se dará constancia da participación no mesmo.

O prazo de presentación das obras é improrrogable e comprenderá do día 19 de outubro ao 2 de novembro de 2020, ámbolos dous incluídos.

2.7.- BASE SEPTIMA: XURADO E FALLO.

O xurado designarase por Decreto da Alcaldía, antes do fallo do concurso e estará conformado por cinco membros, de entre o persoal do Concello e/ou da Xunta de goberno local do mesmo.

O xurado reunirase en data a determinar no Decreto de designación do Tribunal, e dará a coñecer o fallo unha vez terminado o acto.

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer polos medios habituais (Taboleiro de anuncios, redes sociais e páxina web do Concello).

A hora de conceder os premios valoraranse os seguintes aspectos:

- Presentación.
- Imaxinación, creatividade e harmonía na disposición dos elementos da postal.
- Complexidade na realización da postal.

2.8.- BASE OITAVA: PREMIOS.

Estableceranse tres premios:

- 1º premio: Postal que o Concello de Val do Dubra utilizará como felicitación institucional no Nadal do ano 2020, unha tablet e diploma.
- 2º premio: Un libro, material de papelería e diploma.
- 3º premio: Un libro e diploma.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

A data e o lugar da entrega de premios comunicaráselle aos gañadores e será obrigatorio que eles, ou ben un representante dos mesmos, acudan á entrega dos premios para a súa recollida.

2.9.- BASE NOVENA.- PROPIEDAD INTELECTUAL.

A participación no II CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL “NADAL DUBRA” conleva o consentimento dos participantes para que o seu nome e a súa imaxe poidan ser utilizados nos medios de difusión que o Concello de Val do Dubra considere oportuno, con fins publicitarios dentro do proxecto do II CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL “NADAL DUBRA”.

Mediante a participación no concurso, o Concello de Val do Dubra adquire, en exclusiva todos os dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes ás obras presentadas a concurso e poderá libremente proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado no art. 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, comprendendo todas e cada unha das modalidades de explotación, incluíndo os dereitos de reprodución en calquera soporte ou formato, así como os dereitos de distribución e comunicación pública.

2.10.- BASE DÉCIMA: ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación en este Concurso implica: a autorización para poder proceder a súa exposición e utilización, a aceptación de estas bases e das decisións que adopte o Xurado en aqueles aspectos non previstos nas mesmas.

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que no caso de resultar premiado no Concurso os seus datos, así como a súa imaxe poderán aparecer publicados na web do Concello e nas redes sociais municipais. Salvo que manifeste o contrario, entenderemos que autoriza dita cesión de datos así como a realización de fotografías.

Sen prexuízo do mesmo, informámoslle da posibilidade que ten de exercitar os seus dereitos de acceso, cancelación, oposición e rectificación en calquera momento, dirixíndose ó Concello de Val do Dubra.